

## Comentarios subidos no blog do I. Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### *A lei das ánimas*

A lei das ánimas comeza case como unha historia de amor, aínda que o desenvolvemento da historia non ten nada que ver co comezo. Toma unha tradición galega das máis arraigadas entre a xente e a converte nun personaxe máis do relato, un dos máis importantes e o curioso é que en ningún momento semella que esteamos lendo unha novela fantástica, xa que todo este compoñente fantástico e misterioso está perfectamente metido dentro dun quebracabezas que conforma a historia. Podemos dicir que é unha novela a medio camiño entre a investigación e o terror, sen chegar a ser unha novela de terror, claro, porque todo vai sucedendo dun modo eu diría que crible, curiosamente. Por un lado temos a investigación da policía, que non cren nos misterios e un curioso cabo da Garda Civil da zona que parece ser o único que é capaz de ver a verdade. Por outro lado temos á Santa Compañía, aparecendo de vez en cando polas páxinas do libro. Cada un polo seu lado quere o mesmo, a cousa é saber cal deles o vai conseguir. Sorprendeume moito a forma de escribir, cun cambio radical entre os primeiros capítulos e o resto do libro. Tamén, ás veces, a novela semella un catálogo de lendas e tradicións galegas, xa que non queda unha sen mencionar, sendo as dúas máis importantes a xa mencionada Santa Compañía e o Urco, o can que segundo a tradición se lle aparece aos que van morrer, pero polas páxinas van aparecendo todas as lendas galegas relacionadas coa morte, unhas máis explicadas ca outras, pero sempre aparecen como reais ou polo menos como posibles para a maior parte dos personaxes, excepto para os que veñen de fóra, que son máis incrédulos. Gustoume moito a localización da historia. Está ambientada entre Mondoñedo, Ribadeo, Foz, toda a franxa norte da provincia de Lugo, que aparece como o lugar perfecto para a mesma. Bosques tupidos, rúas estreitas e escuras, praias paradisíacas, estradas comarcais que axudan a acrecentar o misterio, as festas dos pobos, todo está perfectamente reflectido sobre todo para acrecentar o misterioso do que está pasando. A néboa e a chuvia que aparecen constantemente como un personaxe máis e as xentes do pobo, que son as que cren na parte escura do que está pasando. Hai unha serie de personaxes que contribúen moito a facer crible a historia. E non me gustaría rematar sen comentar que non só está a historia, podemos atopar entre as páxinas, ás veces dun modo máis claro ca outras, moitas reflexións bastante serias e profundas sobre a vida, a morte, as relacións persoais, as formas de vida, as crenzas e moitas cousas máis. Para min o mellor son as conversacións entre o periodista, Carlos Conde, e o detective, Nivaldo Castro, que esconden e descubren moitos dos sentidos da vida e do que merece a pena en realidade. Na miña opinión é unha obra moi entretida e doada de ler. (**Minucha**)

O título da obra, "A lei das ánimas" abarca na miña opinión o que sería o resumo da historia en tres simples palabras, xa que en torno a esta "lei" xira todo o tramado que a compón. O autor baséase na lenda da Santa Compañía para dar lugar a unha historia chea de misticismo e crenzas populares; o certo é que non sabería dicir se o prantexamento que o autor propón sobre esta, é do todo certo, ou se engade certos elementos coa intención de darlle maior énfase e así poder crear unha historia máis atraínte, xa que como saberá, as crenzas populares varían dependendo do lugar en que nos atopemos e mesmo nunha mesma rexión danse versións diferentes para estas lendas e mitos. Persoalmente, o concepto que eu tiña da Santa Compañía era, aínda que escaso e bastante borroso, algo diferente, respecto do que, coma xa dixen, o autor fai ver nesta historia. Por outro lado, e lonxe de opinións persoais, que exporei posteriormente, podería describir a "lei das ánimas", como o proceso de actuación que segue esta procesión de ánimas cando se dá, por parte dun vivo, unha falta de respecto cara un morto, neste caso o acto de necrofilia que un dos tres asasinou leva a cabo con Melba, deste modo poderíamos dicir que se trata dun acto de vinganza, no que de forma indirecta, e empregando a manipulación dos elementos meteorolóxicos ou de calquera outro tipo de elemento, a Santa Compañía leva a cabo o castigo que quen comete dita falta merece, a morte, e non cesa ata que o consegue. En canto ó análise estrutural da obra, comezarei falando do tipo de narrador, que permanece invariable ó longo de toda a historia, podemos clasificalo como un narrador cuxa participación na obra é externa, o cal quere dicir que non forma parte desta; en consecuencia, este punto de vista externo rexe unha narración en terceira persoa. Referente ó coñecemento da historia, clasificaríamos ó narrador como omnisciente, e empregando un tipo de omnisciencia de carácter neutral, xa que independentemente de saber todo aquilo que os diferentes personaxes pensan ou senten, non adopta unha postura na que se amose crítico ou na que mesmamente expoña algún tipo de opinión de carácter persoal acerca destes. En canto á acción, pódese destacar que a historia, tal como é relatada, non presenta ningún tipo de variación respecto do que sería a trama, ou ordenación dos feitos ocorridos. Penso que esta obra destaca polo seu gran abano

de personaxes de tódolos tipos, por un lado temos a Xoán e máis a Melba, que nun principio actúan coma protagonistas, e realmente parece que dito protagonismo vai continuar ó longo de toda a historia; pero é entón cando sucede o asasinato da parella, que provoca un tremendo xiro no transcurso desta, que penso que causa gran impresión no lector. Tras dito feito, estes personaxes son relegados a un segundo termo pero sen chegar a perder un certo toque de protagonismo, dado que pese a todo, ó redor do seu asasinato transcorre o resto da obra; é entón cando aparece Agapito Landín, que obtén o relevo coma personaxe de maior importancia, e que posteriormente repartirá o seu peso de protagonismo con Nirvardo Castro e Carlos Conde, dúas personaxes que poderíamos dicir que actúan coma unha unidade, complementándose. Por outra banda, e facendo referencia a ese amplo abano do que falara, podemos clasificar coma personaxes secundarios ós tres mozos responsables do asasinato, que, e aquí a relativa complexidade da obra, obteñen en determinadas ocasións un tamén relativo protagonismo episódico, por dicilo dalgunha maneira. Finalmente, destacarei o gran número de personaxes episódicos e de menor importancia que aparecen ó longo da narración: dende axentes de policía, cabos, coroneis (que levan a cabo a investigación)... ata o tío dun dos asasinados ou un home que vive apartado do núcleo urbano da aldea, ó que toman por tolo, e que nun par de episodios adopta unha relativa importancia.

En canto á reprodución das palabras das personaxes, e en vista ás múltiples intervencións e diálogos, clasificaremos o tipo de reprodución coma directa empregando un estilo directo rexido. O tempo que caracteriza esta obra destaca pola relativa ausencia de anacronías, é dicir, analepses e prolepses, xa que soamente ó principio e nalgunha intervención de Agapito Landín, se fai referencia ó pasado, e en ningún momento a acción chega a transcorrer como para falar dunha analepse, senón que se trata de simples evocacións ós tempos pasados sen perder o fío da conversación. No aspecto analítico da narración, podemos rematar dicindo que o espazo no que se desenrola a historia é real, polo que non tivo que ser imaxinado polo autor. Persoalmente, comecarei falando da forma que o autor ten de narrar, a cal non me gusta, paréceme simple e pouco fluída e expresiva, ademais considero que non controla o tempo correctamente, xa que a súa forma de narrar provoca que os feitos se amoreen, e que todo aconteza de maneira demasiado rápida para o meu gusto, como se tivese presa por rematar cada capítulo, é o caso da escena en que Melba e Xoán morren, onde todo acontece demasiado subitamente, o cal non me convence. Por outro lado está o uso abusivo dos topónimos, que coido que son empregados para dar a coñecer mediante a súa novela todos estes nomes propios da nosa cultura, e evitar dalgunha forma que se perdan e reivindicados dalgunha maneira, pero creo que tanto isto coma o feito de querer situar o punto exacto onde os feitos transcorren, como por exemplo as estradas por onde uns ou outros circulan, faille perder atractivo á historia, e non só iso, senón que tamén lle resta, na miña opinión, calidade literaria, chegando a parecer algunhas veces coma se estivésemos lendo o percorrido marcado por un GPS. Logo temos a trama, o argumento da obra en si; hei de recoñecer que ó comezo do libro, nos primeiros capítulos, e pese a todos os defectos que lle ía atopando, o transcurso dos feitos mantíñame preto da historia, querendo avanzar en ela un pouquiño máis cada día, pero é que chegados a un punto algo máis avanzado, pouco a pouco fun perdendo o interese, polo que rematei por lelo á forza. Para rematar está o final, que cualificaría como pobre e precipitado, outro exemplo claro do que xa falara ó principio, como dando a entender que o autor non tiña maior intención de continuar escribindo e decidiu rematar a historia co primeiro que se lle pasou pola cabeza; e que mellor que estrelar ós tres rapaces causantes do asasinato no medio e medio dunha mesma rotonda ó mesmo tempo vindo por estradas diferentes... enfn que non teño palabras moi positivas para describir este libro, ó cal, como pode apreciar, rematei por collerlle algo de xenreira. **(Iago)**

Este libro é una obra de Carlos G. Reigosa, escribiúse no ano 2010, a historia sucede entre Mondoñedo, Ribadeo, Foz, toda a franxa norte da provincia de Lugo. O libro comeza como unha historia de amor pero despois toma un xiro inesperado para o lector, converténdose nun caso de asasinato que se mestura cunha das lendas galegas máis arraigadas, a Santa Compañía. O libro paréceme moi entretido xa que mestura o xénero policíaco co xénero fantástico. O que comeza como una historia de amor termina por converterse na investigación dos asasinatos de Melba e Xoán, isto mestúrase coa lenda da Santa Compañía a cal se converte nun personaxe máis. Tamén me gusta o ton irónico que toma a obra para matar os asesinos de Melba e Xoán, os cales morrena o estrelar os seus coches entre eles mesmos. O desenvolvemento da acción en Galicia fai que te sentas identificado xa que se desenvolve na nosa terra. En canto aos personaxes parecenme que están moi logrados, dos cales, vamos coñecendo máis pouco a pouco co avance do acción. En xeral pareceume un bó

libro, xa que te engancha dende a primeira ata a última páxina, isto permite que poidas ler o libro dun tirón e ao final o libro paréceche curto. (**Jacobo**)

Xoán e Melba regresan a casa en coche tras un día de praia na Praia das Catedrais. Cando chegan a casa son vítimas dun terrible crime, despois do cal os tres asasinados, uns mozos doutra vila, foxen. Antes de que Xoán morra, as ánimas da Santa Compañía aparecen na casa e, en vinganza polo que acaban de ver, entréganlle a cruz a Xoán para que os guíe na procura dos asasinados. O capitán Agapito Landín será o encargado de investigar este misterioso caso, con moitos interrogantes inexplicables, como a misteriosa desaparición do corpo de Xoán, que desconcertan a policía e fan que a xente non teña dúbidas da intervención sobrenatural da Santa Compañía. Ao longo da novela, a narración alterna entre a investigación policial, co punto de vista do capitán Agapito Landín e os seus amigos, o periodista Carlos Conde e o detective Nirvado Castro, decididos a axudalo; e a persecución dos asasinados por parte da Santa Compañía, co punto de vista de Xoán, que encabeza a procesión.

A novela reflicte moi ben as crenzas populares sobre a Santa Compañía, moi arraigadas aínda hoxe en día no interior de Galicia, a través das opinións dos veciños da vila, totalmente dispostos a crer nela senón atopan mellores explicacións. Pareceume moi interesante a evolución do capitán Landín ao longo da historia. Ao principio négase en rotundo a crer nas versións que falan da intervención da Santa Compañía, pero conforme vai avanzando o caso comeza a ter dúbidas, e ao final ten que renderse a evidencia vendo o increíble desenlace que sofren os asasinados. Tamén gustoume moito a ambientación que o autor realiza durante as viaxes en coche dos personaxes para indicar a presenza da Santa Compañía, mostrando a densa néboa, a aparición de figuras na estrada, o cheiro a candeas, etc. O título da novela ("A lei das ánimas"), fai referencia a lei que impulsa as ánimas da Santa Compañía a vingar o crime acabando coa vida dos tres asasinados. A historia está ambientada no tempo actual en Vilalba, unha pequena vila do noroeste de Galicia, preto de Mondoñedo. En canto a narración, trátase dunha voz narradora externa, que fala en terceira persoa e que alterna o punto de vista entre os distintos personaxes. Por outra banda, o narrador é un narrador omnisciente neutral, xa que coñece todos os datos e non toma posición respecto a historia. O personaxe principal da historia é o capitán Agapito Landín, aínda que aparecen outros moitos personaxes moi relevantes para a historia, como Xoán e Melba, Carlos e Nirvado, ou os tres asasinados. Tamén hai outros personaxes secundarios. O autor do libro é Carlos G. Reigosa, un escritor e periodista galego nacido en Lagoa de Pastoriza o 2 de setembro de 1948. (**Joaquín**)

"A lei das ánimas" transcorre en Vilalba (Lugo) e nos seus arredores. Poderíase dicir que é unha novela policíaca e fantástica (case chegando ao terror, pero sen alcanzalo), xa que mestura elementos das dúas. A obra xira en torno a un asasinato, ocorrido no principio do libro, a partir deste suceso desenvólvese toda a trama. Con este crime a narración toma dous camiños, o que segue a investigación policial, con Landín como principal impulsor, e o que segue a Santa Compañía, encabezada xa por Xoán, buscando xustiza e perseguindo aos criminais. O título da obra sinala que cando se lle fai mal a un morto, as ánimas tomarán a vinganza, esa é a "lei", o proceso ou conxunto de actos que leva a cabo a Compañía contra quen fixo este dano ao morto. O subtítulo fai referencia a unha das lendas máis arraigadas na cultura popular galega, ademais o autor converte á Santa Compañía nun personaxe máis do libro. A intención do autor con esta obra, segundo a miña opinión, é mostrar dunha forma menos rural e menos descoñecida as lendas galegas, usando como principal á Santa Compañía, el conta a novela describindoa perfectamente. O libro é como un catálogo de lendas e tradicións galegas, conta un amplo abanico delas, moi explicadas, desde dous puntos de vista, o da xente galega, que as ve facilmente reais (por exemplo, cando os veciños saben das estrañas condicións do caso de Xoán e Melba pensan rapidamente que foi acto da Compañía) e o das persoas que veñen de fora (é o caso de Carlos Conde, Agapito, Nirvado, que son bastante incrédulos á hora de facer caso destas lendas). O narrador é externo e omnisciente, non forma parte da obra nin participa de ningunha maneira nela e coñece todo canto acontece. Os personaxes máis importantes e con máis peso na obra son: -Melba Luaces: é a muller de Xoán, é deseñadora e foi "asasinada" (morreu por un golpe que se deu na cabeza ao intentar librarse de ser forzada) e violada posteriormente. Ao principio actúa de protagonista, pero coa súa morte é relegada a un segundo plano. -Xoán Mondriz: é o marido de Melba, é arquitecto e tamén "guía" da Santa Compañía, morre definitivamente unha semana despois de que lle disparasen brutalmente (Ao ser elixido pola Compañía non pode descansar ata que se vingada dos seus asasinados). Ao igual que Melba, é un primeiro protagonista que acaba como secundario.

-Alberte Fento: é un dos criminais que mataron a Xoán e a Melba, é corpulento e alto, e violou a Melba.

-Daniel Leiro: é outro dos criminais, ten o cabelo roxo e é bastante delgado e non moi alto.

-Manolo Pernas: é o terceiro asasino.

-Capitán Agapito Landín: é un capitán da Garda Civil que veu de Madrid para ocuparse persoalmente do caso (porque coñecía moi persoalmente a Melba). Ten unha clara evolución, ao principio rexeita rotundamente a posibilidade dunha intervención espiritual no caso, pero ao final, vendo o desenlace dos criminais, acaba aceptando esa intervención.

-Carlos Conde: é un periodista que vive en Santiago e traballa para un xornal de Madrid, é amigo de Landín e o "axuda" coa investigación, querendo material para un artigo.

-Detective Nivardo Castro: é un detective privado amigo de C. Conde e de Agapito, tamén intenta "axudar" coa investigación.

-A Santa Compañía: é un personaxe máis da obra, non intervén directamente pero favorece á morte dos asasinados, coa néboa e co Urco meteulles medo no corpo, o que fixo que quixeran chegar á súa casa o antes posible, isto provocou o accidente.

Algúns personaxes poderíanse por como principais pero pola escasa participación non o fixen, é o caso do Cabo Orestes Barros ou de Arturo Pazos. Outros son moi secundarios, aparecendo en contadas ocasións na obra, como o Tenente Coronel Luís Álvez Graña, Teresa Abín Saa ou o garda Elias Valexo.

O espazo é pechado, a novela ten un final claro e non deixa lugar a nada máis.

A obra transcorre na actualidade, non di exactamente cando, pero si menciona que están no século XXI. O tempo do discurso é unha prospección, a historia avanza cara a adiante. O modo do discurso é o dunha novela narrada, que inclúe descrições e diálogos. A narración non presenta anticipacións nin saltos temporais e non elude ningunha parte da historia.

Na miña opinión este non é un mal libro, pero tampouco é moi bo. Ten partes demasiado aburridas e extensas, como os capítulos I e XV da primeira parte, son simplemente insoportables de ler, demasiado longos e con moitos datos e descrições que non veñen a conto e que poderían suprimirse para evitar ese momento de agonía que vives cando ves que ese capítulo deplorable non acaba. Despois a obra ten como inicio da aplicación da lei das ánimas a necrofilia, non sei que lle pasaría ao autor para falar deste tema, pero diría que hai un claro problema nel xa só por mencionar este tema e facelo impulsor de toda a trama. Aínda así, como xa dixeran, non é un mal libro. As carreiras comarcais, as rúas estreitas e escuras, os bosques espesos, os viaxes na néboa e na chuvia e outros elementos da ambientación, así como os veciños que fan crer nesta lenda e fan que te metas na obra e no papel de cada personaxe, levan a un interese maior e a unha intriga grande no libro que o fai, neses momentos, imparabile de ler. Ademais o cambio brusco na linguaxe e no xiro da obra a partir dos asasinados converte a obra en algo non lineal nin aburrido. O final tamén está moi ben feito, xa que ao longo da historia o lector vai sabendo máis ca os propios investigadores na obra, e esta historia desenvólvese pouco a pouco, dun modo bastante críble (para tratarse de algo aparentemente falso como é a Santa Compañía), cara este final. Ademais da historia, dentro dela atopamos reflexións e conversacións que nada teñen que ver con ela, como cando se fala que nunha taberna galega hai máis imaxinación que en moitos países, ou como que no século XXI coa modernidade que hai aprendeuse a rexeitar as cousas non comprobadas pola ciencia e a dicir "caso cerrado".

Como acabo de explicar, hai razóns para rexeitar este libro e outras para aceptalo, a balanza queda equilibrada, non diría de quitalo como lectura voluntaria porque non é de todo malo, pero se houbese que escoller entre outro libro e este, escollería o outro. **(Damián)**

A lei das ánimas é unha apaixonante novela na que se contraponen o escepticismo e o fantástico. A historia da violación de Melba e o asasinato de Xoán, coa posterior incorporación de Xoán a hoste dos mortos, son a trama principal. As variadas tramas do relato, proporcionan un desenvolvemento da historia completo e sen saltos temporais remarcables. Por unha banda, a historia do amor de Xoán e Melba, destinados a amarse por sempre. O trágico final na súa historia de amor terreal é recompensado coa eternidade para estar xuntos. A historia dos mozos, fortemente idealizados, sen valores morais, procedentes, non obstante de fogares con ditos valores, representan unha das numerosas antíteses literarias que dan vida ó libro.

A terceira e última trama e a dos investigadores do caso. O capitán Agapito, o cabo Barros, o xornalista Conde e o detective privado Castro conforman a trama investigadora e a antítese do escepticismo-crenza.

Comezando polos mozos, o seu perfil non dista moito dun mozo de hoxe, salvo excepción dunha maldade abafante. Non senten respecto polas mulleres, simples obxectos nas súas mans. Dentro deles, esta o líder e os acólitos. Amedrentados polo dominio dun deles, os

demais farán todo segundo dicte el. Este esquema de “vasalaxe” é propio de mozos con pouca personalidade e ffacilmente influenciabes. A súa morte é o pago polos crimes cometidos, as ánimas non perdoan. O máis fundamental do libro, a parte da historia de Xoán coa Procesión das Ánimas é a resolución do caso. O capitán Agapito é un brillante investigador, que nega as supersticións e crenzas populares. O bastión da obxectividade, o escepticismo en persoa ten que recoñecer o final que algo hai. As probas falan. O xornalista e o detective son o punto intermedio entre ese escepticismo do capitán e a crenza do cabo Barros. Este último remata o ciclo da antítese máis importante do libro. En xeral, gustoume moito a historia. As tramas están perfectamente encadeadas para non resultar cargante. A profundidade do narrado é amena e chegamos unha imaxe nítida de cada un dos protagonistas. En xeral, os temas de mística atráenme. As lendas e historias da Galicia máis máxica son un excelente motivo para escribir un libro destas características. Modernidade e fantasía, pasado e presente, tradicións conta mundo escéptico. Boas combinacións para unha historia sublime. **(Valentín)**